

*Siguimos andando nel desván, mirando se atopábase dalgúa cousa veyá, y nel houcha encontramos, debaxo da caxa d'un sombreiro de dalgún americano, un artículo publicao na Veiga en 1932 y úa foto de Bual dos anos vinte. Tamos esperando que nos mandes úa copia d'ese retrato veyo tan interesante que teis guardao da festa del tou llugar.*



Muitos veigueños conoceron a Eustaquio Lago, el fundador y director del periódico *Ecos Vegadenses*, publicación quincenal que salíu dende 1924 hasta el empezo da Guerra Civil. Nel periódico publicábanse muitas colaboracións literarias en asturiano y en gallego pero tamén las había na nosa fala, en gallego-asturiano, escritas sobremanera por xente da Veiga.

El que nun saberán moitos é qu'ún dos qu'escribía na fala —sempre col alcuño de “Un home da caye del Sur”— era el propio Eustaquio Lago.

Os sous artículos, escritos en forma de carta, tán chíos de referencias á vida local na Veiga y a personaxes conocidos da villa. Esta entrega —da qu'agora publicamos dous fragmentos— é d'abril de 1932.

Como avezamos a fer, copiamoslo tal y como apareceu escrito nas páxinas d'*Ecos Vegadenses*.

## COUSAS MIAS

Un home da Veiga que anda por as cayes víndolo todo

-----  
Xa non escribo mais

Ferbéu el pote y xantamos a mia Beatriz y eu. Madécaras que taba el caldo que daba gloria comelo. Despois de xantar funme pra riba y díxeny a mia muyer:

—¿Deixarédesme dormir un bocadín?

Pareceuye mal a Beatriz que ye díxese eso porque xa sabía éla por qué yo decía, pois véinseye as vecías pra mia casa pra darye palique y fala que te falarás non me deixan pegar el oyo.

Non ben me deitara condo chegaron as muyeres que son amigas da mia. Despaciñ díxéronye al entrar:

—A nia, ¿deitouse?

Eu ben las ouin, pero fíxenme que non las ouía. Eran media docena de élas y falaban que daba medo, axeitín de todo pra que eu non las ouise desde a cama. Míalma que dormín ua boa siesta. Taba cansao de andar tanto por a mañá, pois cansárame indo ver as obras que faeron y non acabaron na Abraira y na Galea.

Condo vaxéi de dormir a siesta xa se foran as muyeres. Taba Beatriz nada mais. Deume un goto de café mouro de merenda, y eso que el café ponme tolo, y deixeila na casa a éla sola reco-séndome ua camisa pra el domingo. Vin vaxando por a caye abaxo y metinme na tenda de Salas pra mercar uos calcitis, pois xa tan ben veyos os que teño postos. Taba na tenda el cura, sentao na siya, falando das obras que ta faendo na igrisia. Vay bon de faer. Taba tamén D. Cecilio y falaba da ley agraria. Parece que non las ten todas consigo. Taba D. Xusto y enfadábase porque suben as matrículas. Y na porta taba D. José R. Alonso contando que por a mañá coyera duas truitas nel río xunto a casa de D. Alberto. Chegó despois un señor gordo, pequeno, que gasta antojos, que veu de Meredo, non sei como ye chaman: arrimouse al mostrador y coyey un periódico. Os nenos de Salas mostraronme uas caxas de calcitis y comprei dous pares. Pagueilos como Dios manda y pasando por entremedias de aquellos señores funme pra fora. Al poñer os pes na caye de maus a boca dinme con Nemesio que taba na porta del café, arri-mau, con cara de poucos amigos, fumando ua tagarnina:

Hola, oh, díxeny eu. Hay ben tempo que non te vin. Ben e verdá que a mia muyer faloume el outro día de tí, contándome que ahora deuche por traer uas muyeres que bailan y cantan y que, así Dios me leve, díxome que las vira éla, que eran más feas y secas que un arenque...

Iba faendose noite y funme chegando a casa de Eustaquio. Taba con un cousín redondo nun oyo amañando un reló. Pousóulo condo me viu y puxémonos a falar un bon pedaciñ.

Bueno, señor Eustaquio, díxeny. Veño a dicirche adiós, pois saberás que a mia Beatriz y eu vámonos a vivir ua temporada a Ouria: quero

vender os pinos que teño alí que mos compraron os catalais y mentras non volva non tei de ver y estas cousas mías que che escribo non poderei escribilas. Vámonos xa mañá y nun podo despedir aus outros amigos. Vas tú a despedilos por min. Chégate a botica y diye a Xuaco que me mande algua vez por el peatón de Taramundi algún periódico. Lo mismo me dá el que sea. Despide tamén a Antuña y que teña cuidao que non ye coyan el sombreiro da cintía negra. Taye muito ben, lo mismo que el gabán que comprou en Belmonte condo foi ver a Merille. Non lo toca ua mosca. Si ves a Alejandro diye tamén adiós. Vínlo el outro día na porta da barbería con uas antiparras nos oyo. Parecía un señor, fora del alma. Non deixes de despedir a José Manuel Presno y que faería ben en deixar os bigotes largos como os de Riopedre, pero que teña medo que non yos corte Pierres el de Piantón. Diyes adiós a todos os da tertulia, sin que che se olvide Francisco de Blas y que non me chame zorro que non lo son. Ben sabes tu que non me meto

con naide. Pra condo volva a ver si me teis arreglao el reló que che din a compoñer el día de nochebuena.

Eu sinto ben deixar a Veiga. Condo volva ei de entrar na camioneta por a misma Alameda. Non teñas pena de min que mei de acordar de tí y dos bos amigos. A mia muyer chora porque se vai, pois alí hanye de faltar as muerías. Mándame tamén ECOS VEGADENSES que quero leer os artículos de Rogina, a "Hoja Parroquial" y "Horizonte": na "Hoja" escribe D. Paco de Axelán cousas que me gustan muito y nel "Horizonte" quero ver si os de San Tirso y Taramundi faisen da Veiga. Vay ser un conceyo mais grande que el de Castropol.

Bueno, meu neno, nada mais.

---

### UN HOME DA CAYE DEL SUR

Os bolos foron un verdadeiro acontecemento social, unde se xuntaban os americanos —que vían pasar el brao— y xente de toda condición. D'ei el dito que dicía: "*Vein os americanos, cousa búa pouco dura, vein pasar el brao y nel inverno van a Cuba*". Así pos, a bolera era el miyor foro qu'había daquela, unde, además da rivalidá entre os xugadores, había apostas, cuntábanse chistes, casos, etc. A villa de Bual tuvo úa bolera que destacaba por encima d'outras del conceyo (Villanova, Prelo, Os Mazos, A Bouza, ...) y fora d'él. É a que se ve na foto que publicóu en setembre de 1915 a revista *Asturias de La Habana*. A bolera taba situada na Frieira, pra fora del poble, núa carbayeira propiedá da Casa del Pino —qu'hoi ta todo de prao—, y sin cobraryes un perrón. Rexentóula *Pacheco*, con dous fiyos que ye axudaban, hasta el brao de mil novecientos trenta y seis, en que casemente se paróu, por motivos obvios.

✚ Paco Martínez López

